

Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do 2 de novembro do 2016

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Yolanda Bouzas Alfonsín.

José Luis Sampedro Bouzas.

José Pedro Cambón Fernández.

Francisco Javier Blanco Sánchez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13.30 horas do día 2 de novembro de 2016, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión extraordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º.- Acta anterior correspondente ao día 7 de outubro de 2016.
- 2º.- Comunicacións previas (obra menor).
- 3º.- Renuncias a licenzas de obra maior.
- 4º.- Licenza de primeira ocupación.
- 5º.- Licenzas de obra maior.

PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 7 DE OUTUBRO DE 2016.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 7 de outubro de 2016.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARIA DEL CARMEN VILANOVA VAZQUEZ, con domicilio en Castrón Douro 49, 1º, Santiago de Compostela, na que comunica que vai retellar a cuberta da vivenda que cubre a galería, de 15 m² de superficie, na Avd. Santa Minia 58, Brión.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo urbano (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por PLACIDO BOUZAS DIAZ, con domicilio en Gontade 1, Os Ánxeles, na que comunica que vai realizar as seguintes obras en Gontade 1, Os Ánxeles:

- Construción dun peche de parcela, de 144 metros de lonxitude, con base de adobe e arame por encima, ata 1,80 metros de alto, medidos sobre a rasante natural do terreo. O peche situarase a 5,50 metros do eixo do camiño na vía principal (leste) e a 4,00 metros do eixo do camiño nas restantes vías.

- Colocación de dous portais de 3,50 metros de ancho, un en cada extremo da parcela, con columnas de cemento prefabricado.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural da zona leste en área non consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, coa condición de que a parte do muro de fábrica non supere a altura máxima de 1,20 metros medidos sobre a rasante natural do terreo e quede revestido e pintado.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por OSCAR MONTERO CANCELA, con domicilio en Liñares 30, Brión, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda de Liñares 30, Brión, de 9 x 12 metros, substituíndo as tellas en mal estado por outras novas, sen incrementar o volume da cuberta.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL RUSO GOMEZ, con domicilio na Estrada de Catabois 603, Ferrol, na que comunica que vai realizar as seguintes obras na Avd. dos Ánxeles 66, Os Ánxeles:

- Recebar as fachadas de pedra e pintar o exterior da vivenda.
- Substituír oito ventás por outras novas de madeira.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo urbano (UC-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por FELIPE LOPEZ CERQUEIRO, con domicilio en Babenzo 30, Bastavales, na que comunica que vai pintar de cor amarelo, o exterior da vivenda de Babenzo 30, Bastavales, de 120 m² de superficie.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo urbano (UC-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSEFINA GROBAS LAGO, con domicilio en Soutullos 11, San Salvador, na que comunica que vai construír un peche de parcela de 46 metros de lonxitude, con base de bloque e arame, ata unha altura de 1,50 metros medidos sobre a rasante natural do terreo e a 5 metros do eixo do camiño.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo apto para urbanizar, séndolle de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016, do solo de Galicia, para o solo rústico coa correspondente categoría (protección ordinaria), en aplicación do disposto ao respecto pola súa disposición transitoria primeira letra 2.b).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, coa condición de que a base de bloques quede enfuscada e pintada.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Ramón Nieto Montero, que di actuar en representación de MARINA NIETO CORTES, con domicilio en Vidalloiso 21, Bastavales, na que comunica que vai construír un galpón de 20 m² de superficie, con ladrillo recebado e pintado e tella e uralita na cuberta, en Vidalloiso 21, Bastavales.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo rústico de protección agropecuaria, séndolle de aplicación, en base á disposición transitoria 1^a.2.d), o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016, do solo de Galicia, para o solo rústico.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, coa condición de que o recuamento da construción aos lindes da parcela non sexa inferior a 5 metros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por María Teresa Pazos Patiño, que di actuar en representación de RAMONA CORTES LORASQUE, con domicilio en Babenzo 8, Bastavales, na que comunica a legalización do recheo da parcela 294 do polígono 503, nunha superficie de 2.062 m², con terra mineral, acadando unha altura entre 50 e 110 cm., en Babenzo, Bastavales.

A parcela sobre a que se realizaron as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo rústico apto para urbanizar, séndolle de aplicación, en base á disposición transitoria 1ª.2.b), o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016, do solo de Galicia, para o solo rústico.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal e da autorización de Augas de Galicia, Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data 04/04/2016 (clave: DH.W15.49669), por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar a legalización das obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

TERCEIRO.- RENUNCIAS A LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por JUAN JOSE CACHO NIETO, con domicilio en Rúa da Senra 16, Os Ánxeles, na que comunica ao concello a renuncia á licenza de obra maior concedida pola Xunta de Goberno Local o 28/05/2015, para construír unha vivenda unifamiliar en Cirro 26, San Salvador.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido pola arquitecta municipal, no que se sinala que en Cirro 26, San Salvador non se iniciaron as obras para as que se concedeu a licenza, acorda:

1º) Tomar coñecemento da renuncia efectuada deixando sen efecto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o 28/05/2015.

2º) Que se proceda pola alcaldía á tramitación da devolución do ICIO do expediente, previo informe de intervención.

3º) Notificar o presente acordo ao interesado.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por PABLO DOCAMPO REY, con domicilio na Rúa Ramón Piñeiro 7, 3ºB, Santiago de Compostela, na que comunica ao concello a renuncia á licenza de obra maior concedida pola Xunta de Goberno Local o 06/11/2007, para construír unha vivenda unifamiliar en O Casal 27, Brión.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido pola arquitecta municipal, no que se sinala que en O Casal 27, Brión, non se iniciaron as obras para as que se concedeu a licenza, acorda:

1º) Tomar coñecemento da renuncia efectuada deixando sen efecto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o 06/11/2007.

2º) Que se proceda pola alcaldía á tramitación da devolución do ICIO do expediente, previo informe de intervención.

3º) Notificar o presente acordo ao interesado.

CUARTO.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por OLAYA QUEIRUGA SANTAMARIA, con domicilio na Avd. de Noia 56, escaleira 3, baixo, Os Ánxeles, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar, denominada anexo vivenda, na Avd. de Noia 56, escaleira 3, baixo, Os Ánxeles.

Con data 07/11/2005 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a Inmobiliaria Domínguez Vázquez SA, para a construción de edificio destinado a 19 vivendas e 2 locais comerciais na Avd. de Noia 56, Os Ánxeles, composta de dous sotos, planta baixa, dúas plantas altas e un anexo vivenda, dous locais comerciais, 25 prazas de garaxe e 19 trasteiros.

Con data 09/09/2014 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza á Comunidade de Propietarios Avd. de Noia 56, para legalizar as modificacións efectuadas durante o transcurso das obras de construción da edificación.

Con data 24/07/2015 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza de primeira ocupación parcial para unha edificación destinada a 18 vivendas e 2 locais comerciais á Comunidade de Propietarios na Avenida de Noia 56.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra do arquitecto Jesús María Carrillo Pena, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 26/10/2016, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro. Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

QUINTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por NEREA FERREIRO ARCAY e ARTURO RODRIGUEZ CALVO, con domicilio en Avd. Vicente Ramos 26, Os Ánxeles, de solicitude de licenza de obra para construír unha vivenda na Rúa San Ramón 4A, Os Ánxeles, segundo proxecto de execución redactado polo arquitecto Carlos Bóveda Casado, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 22/09/2016.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo urbano (UC2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello e da resolución do Servizo de Coordinación da Área Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 19 de xullo de 2016 (expediente núm. 1272/16), acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro e sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Carlos Bóveda Casado, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 22/09/2016, debendo simultanear a construción da edificación e a urbanización do fronte da parcela e conexión cos servizos urbanos existentes.
- Como garantía da urbanización (conexión cos servizos urbanos existentes e realización das obras accesorias de urbanización do fronte da parcela), imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que os interesados deberá presentar no concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder, en calquera caso, o promotor dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- As obras que se executen sen licenza ou inobservancia das súas condicións, serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas, en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 31 do PXOM: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra desde a concesión da licenza.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este encargo, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do

produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Deberá cumprir as seguintes condicións da resolución do Servizo de Coordinación da Área Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 19 de xullo de 2016 (expediente núm. 1272/16):
 - A cor da pintura exterior será da gama dos brancos.
 - As carpinterías serán dunha cor das tradicionais da zona.
 - No caso de pretender dar outras cores nos acabados da fachada deberá achegar unha nova solicitude indicando, de xeito razoado, as cores elixidas.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Roberto Rabuñal Mosquera, que di actuar en representación de RESIDENCIA SANTA MINIA SL, con domicilio en Avd. Barcelona 35, entreplanta, Santiago de Compostela, de solicitude de licenza de obra maior para construír un edificio destinado á actividade de residencia xeriátrica, na Rúa Tarrío 3, Brión, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto José María Ucha Dolz del Castellar, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 24/08/2016 e documentación complementaria visada o 12/09/2016, o 20/09/2016 e o 20/10/2016.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza SUNC-1 (ordenanza nº4).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro e sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto José María Ucha Dolz del Castellar, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 24/08/2016 e documentación complementaria visada o 12/09/2016, o 20/09/2016 e o 20/10/2016.
- As obras que se executen sen licenza ou inobservancia das súas condicións, serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas, en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 31 do PXOM: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra desde a concesión da licenza.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este encargo, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- A edificación na súa posición dentro da parcela deberá gardar a mesma aliñación que as edificacións da AR7.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 13.45 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González